



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 9 DE XUÑO DE 2021

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 10 horas do día 9 de xuño de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

D^a María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

Non adscritos

D. Miguel Ángel González Gómez.

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. Raquel Fondo Pérez

Sres. Concelleiros ausentes:

D. Jesús Daniel García Cotelo.

D^a. Ana M^a. Vecino Santiago

D. Marco Antonio Varela Vidal

D^a. Ana Pérez Imia.

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. Emilio Caínzos Quintás.

INTERVENTORA: D^a. Lucía Mata Rodríguez.

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. De conformidade co establecido no artigo 79 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, a Alcaldía procedeu a convocar aos membros da Corporación para a celebración dunha sesión extraordinaria de carácter urxente, polo que procede motivar a mesma e proceder acto seguido a someter ao Pleno o pronunciamento sobre a mesma.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

A alcaldía expón que a urxencia da sesión ven motivada para dar cumprimento ao requirimento recibido o día 02-06-2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de A Coruña, Procedemento Ordinario núm. 0000123/2021, de data 26-05-2021, polo que se admite a trámite o recurso contencioso administrativo interposto polos concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE, contra os acordos adoptados polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 29-03-2021 na parte de control, mocións, para que no prazo de nove días poda comparecer no procedemento o Concello como demandado.

Sométese a votación o pronunciamento sobre a urxencia, co seguinte resultado:
Votos a favor: Tres (3), os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE.
Votos en contra: --
Abstencións: Seis (6), os restantes concelleiros presentes.

Polo que se aproba o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- PERSOAMENTO NO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 PARA IMPUGNACIÓN ACORDOS APROBADOS NO PLENO DO 29-03-2021 POR INFRACCIÓN DO ORDEAMENTO XURÍDICO E NOMEAMENTO DEFENSA XURÍDICA NO SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA DA DEPUTACIÓN OU A QUE ESTIME MÁIS PROCEDENTE O PLENO

Dáse conta que na data de 02-06-2021, rexistro 20210000000795, tivo entrada no concello o Decreto do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de A Coruña, Procedemento Ordinario núm. 0000123/2021, de data 26-05-2021, polo que se admite a trámite o recurso contencioso administrativo interposto polos concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE, contra os acordos adoptados polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 29-03-2021 na parte de control, mocións, para que no prazo de nove días poda comparecer no procedemento o Concello como demandado.

Como documentación anexa á convocatoria se remitiu a todos os concelleiros o precitado Decreto do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 3 de A Coruña, así como copia da impugnación dos acordos presentada.

Na data de 08-06-2021, a concelleira D^a. Raquel Fondo Pérez presenta a seguinte proposta:

*“Dona **RAQUEL FONDO PÉREZ**, concelleira da Corporación, ante o Alcalde e o Pleno comparece aos efectos da sesión extraordinaria urxente de 9/06/2021 e, como mellor proceda en Dereito,*

DI



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Que á vista da proposta de personación no procedemento xudicial, propoñemos aos seguintes profesionais para que se encarguen da defensa xurídica do Concello de Ponteceso:

-Procuradora: Miriam López Moreno, colexiada 356 do Ilustre Colexio de Procuradores de A Coruña.

-Avogado: Alejandro López Sánchez, colexiado 4523 do Ilustre Colexio de Avogados de A Coruña.

Polo exposto,

SOLICITAMOS que tendo por presentado este escrito, o admita e, en méritos ao manifestado, proceda a ter por propostos aos anteriores profesionais para que asuman a defensa xurídica do Concello de Ponteceso no anterior procedemento xudicial.

En Ponteceso, a 8 de xuño de 2021.

Raquel Fondo Pérez”

Pregunta o alcalde se hai algunha proposta máis, e non habendo ningunha outra, neste intre pide a palabra a Sra. Interventora quen manifesta: “Tendo en conta que a asistencia xurídica de Deputación é gratuíta, advirte que unicamente os contratos de servizos de valor estimado inferior a 15.000 € e duración inferior a 12 meses pódense adxudicar de forma directa e que, en todo caso, de acreditarse que por contía procede este procedemento de contratación, débese tramitar o oportuno expediente de contrato menor (art. 118.2 LCSP) cos informes de necesidade e proposta de gasto, certificado de existencia de crédito e xustificar a capacidade de obrar, habilitación legal, non estar incurso nas prohibicións de contratar do contratista proposto.”

Antes de someter a votación a proposta, de conformidade co previsto no artigo 21 do ROF os concelleiros do G.M. do PSdeG-PSOE abandonan a sesión por ter interese directo no asunto, e sométese a votación.

O Sr. Pose, voceiro de APIN, intervén, e así outros concelleiros, o Sr. Santiago, O Sr. Eiroa, e o secretario dilles que non procede o debate, que o alcalde someteu a votación, e quen dirixe e preside a sesión é o alcalde, que o debate procedería antes de someter á votación. Así segue a intervir o Sr. Santiago por varias veces ao igual que a Sra. Carrillo, concelleira do G.M. do PP. O secretario accidental di que o que procede é a votación. Seguen intervindo e debido a alusións directas interveñen o secretario accidental e a interventora. O secretario di que procede someter a votación, xa que foi o que o Presidente fixo antes de saír do salón de Plenos. Finalmente sométese a votación a proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), os concelleiros Sr. Pose (APIN), Sra. Carrillo (PP), e os concelleiros non adscritos Sr. González, Sr. Santiago, Sra. Fondo e Sr. Eiroa.

Votos en contra: ----

Abstencións: ----

Polo que o Pleno **ACORDA:**



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Primeiro.- A comparecencia do Concello de Ponteceso no Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de A Coruña, Procedemento Ordinario núm. 0000123/2021.

Segundo.- Designar á defensa xurídica no devandito procedemento nos seguintes:

-Procuradora: Miriam López Moreno, colexiada 356 do Ilustre Colexio de Procuradores de A Coruña.

-Avogado: Alejandro López Sánchez, colexiado 4523 do Ilustre Colexio de Avogados de A Coruña.

Incorpórase ao Salón de Plenos o Sr. Alcalde e as concelleiras do G.M. do PSdeG-PSOE.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás dez horas trinta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretario accidental , asinando xunto co Sr. Alcalde.

O Alcalde-Presidente

O secretario accidental

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido.

Asdo; D. Emilio Caínzos Quintás